



**AMAL EN RUTA
OURENSE**
— 29.MAIO / 04.XUÑO
Casa da Cultura

NINGUÉN ESTA A SALVO



PROXECCIÓN
Mércores 29 de maio — 20.30 h
Casa da Cultura, Ourense

MAYOR

DOC

David Osit | 2020 | Estados Unidos, Reino Unido | 89'

Musa Hadid é o alcalde de Ramala (Ramallah), capital de facto e centro cultural do Estado Palestino. O documental "Mayor" segue os pasos dun carismático líder que trata de construír a cidade do futuro nunha zona paralizada polo pasado.



PROXECCIÓN
Luns 03 de xuño — 20.30 h
Casa da Cultura, Ourense

THE REPORTS ON SARAH AND SALEEM

FIC

Muayad Alayan | 2018 | Palestina, Alemaña, Países Baixos, México | 127'

A aventura entre un home casado palestino e unha muller casada israelí en Xerusalén toma unha perigosa dimensión política cando son descubertos no lugar equivocado no peor momento, deixándoos con máis que resolver ca os seus matrimonios rotos.



PROXECCIÓN
Xoves 30 de maio — 20.30 h
Casa da Cultura, Ourense

FARHA

FIC

Darin J. Sallam | 2021 | Xordania | 92'

"Farha" relata a Nakba desde o punto de vista dunha adolescente palestina que se encerra nun alpendre durante horas para escapar da violencia nas rúas. Un momento histórico no que miles de árabes foron expulsados da súa terra polo Estado de Israel, conflito que se prolonga ata os nosos días.



PROXECCIÓN
Martes 04 de xuño — 20.30 h
Casa da Cultura, Ourense

LITTLE PALESTINE, DIARY OF A SIEGE

DOC

Abdallah Al-Khatib | 2021 | O Líbano, Francia, Qatar | 89'

O distrito de Yarmouk, en Damasco, Siria, foi o campo de refuxiados palestinos máis grande do mundo ata 2018. O réxime de Bashar Al-Assad consideráboo un refuxio para rebeldes e terroristas e comezou unha campaña de asedio sobre o territorio a partir do ano 2013. Neste escenario entra en xogo Abdallah Al-Khatib, que, xunto aos seus amigos, documentou a vida cotiá dos habitantes asediados dando lugar a esta película.



PROXECCIÓN
Venres 31 de maio — 20.30 h
Casa da Cultura, Ourense

GAZA MON AMOUR

FIC

Tarzan Nasser, Arab Nasser | 2020 | Francia, Alemaña, Portugal, Palestina, Qatar | 87'

Issa, un pescador de sesenta anos, está secretamente namorado de Siham, unha muller que traballa no mercado coa súa filla Leila. Cando está decidido a confesarlle o seu amor, atopa unha antiga estatua grega do deus Apolo que traerá consigo unha serie de cambios na súa vida. Conseguirá finalmente declararlle o seu amor a Siham?



ORGANIZA:



DEPUTACIÓN
OURENSE

COORDINA:

CCPF

Cineclube Padre Feijoo

COLABORAN:

